



**XEFE DE SERVIZO DE MONTES E INDUSTRIAS FORESTAIS
DELEGACIÓN PROVINCIAL DA CONSELLERÍA
DO MEDIO RURAL DA CORUÑA**

Por medio da presente comunícolle para o seu coñemento e aos efectos oportunos, que o Xurado provincial de montes veciñais en man común da Coruña, na súa reunión do día 9 de maio do 2007, adoptou a seguinte acordo:

ASISTENTES

PRESIDENTE

Delegada Provincial da Consellería do Medio Rural
D^a Olga M^a García Agra

VOGAIS

En representación do Servizo de Montes e Industrias Forestais
D. José J. Martel Muñoz-Cobos
Representante do Ilustre Colexio Provincial de Avogados de A Coruña
D. Augusto José Pérez-Cepeda Vila

Letrado da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia
D. Alfonso Vázquez – Castro Garma


Representante das Comunidades propietarias de montes clasificados da Provincia
D. José Manuel Caramés Franco

Vogais representantes da comunidade de Xestoso da parroquia de San Mamede e concello de Carnota
D. Víctor González Agulleiro
D. Manuel González Rodríguez

SECRETARIA

Xefa do servizo Xurídico Administrativo da Delegación Provincial da Consellería de Medio Rural
D^a J. Amalia Lorenzo Penela

Na cidade da Coruña sendo o día 9 de maio do 2007, coa asistencia das persoas reseñadas anteriormente, reúnese no 3º andar do edificio administrativo Monelos o Xurado Provincial de





Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de A Coruña co obxecto estudar e resolver o seguinte expediente:

Expediente nº 394

Monte: "Xestoso"

Comunidade: Xestoso

Parroquia : San Mamede

Concello: Carnota

Superficie: 28,63 has

Parcela I: 2,68 has

Parcela II: 11,66 has

Parcela III: 14,29 has

Lindeiros:

Os vértices das poligonais que definen o monte e mailas súas coordenadas e o plano do levantamento topográfico constan no expediente, en particular no informe do xefe de Area Técnica de Montes Veciñais en Man Común de data 23 de xaneiro do 2007.

ANTECEDENTES DE FEITO

1º.- Con data 15 de xuño do 2004, D. Manuel González Rodríguez, Víctor González Agulleiro e outros presentaron solicitude de clasificación do monte "Xestoso" como veciñal en man común, non achegando documentación algunha que sosteña a súa petición nin plano identificativo do monte en cuestión, polo que, con data 28 de xuño, se lle require que complete o expediente neste sentido, remitíndolle plano topográfico proporcionado polo Servizo de Montes no seu informe a fin de facilitarlle este labor .

2º D. Víctor González Agulleiro en nome propio e dos veciños do lugar de Xestoso contesta ao requirimento o 4/02/05 presentando diversa documentación gráfica, a cal, valorada polo técnico do Servizo de Montes, considérase de novo incompleta polo que o 25 febreiro do 2005 faiselle un novo requirimento. En resumo, indicáselles que a superficie do monte que reclama como veciñal inclúe parcialmente a varios montes, algún deles xa clasificado como veciñal: Monte de Arriba e Abaixo (expediente nº 303) e/ou Andraño (expediente nº 285); parte do monte San Mamede nº 383 do C.U.P; parte do monte Cadaval, Ruña e outros... nº 103-D do C.U.P no termo municipal de Mazaricos; e unha superficie de aproximadamente 10,8 has descoñecida, do termo municipal de Mazaricos.

Respostan os promotores a este requirimento o 31 de maio do 2005 alegando, entre outras, que o monte "Xestoso", cúa clasificación instan, trae a súa orixe nun Foro de 1532, sendo o aforante o Mosteiro de Santo Domingo de Bonaval e aforados os veciños de Xestoso, asignándolles o monte encadrado nos lindes que figuran no citado Foro. Así mesmo, alegan que no expediente de clasificación como veciñal do monte "Xestoso" de Santa María de Coiros do concello de Mazaricos, os agora veciños solicitantes aportaran naquel momento documentación en defensa dos seus dereitos, xa que o monte en cuestión está dividido administrativamente en dúas comunidades do mesmo nome, separadas por un regato e pertencentes a parroquias e concellos distintos, cadansúa co seu propio monte. Aportan neste sentido copia da resolución do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de A Coruña de data 22.07.1989 sobre a clasificación do monte Xestoso de Santa María de Coiro-Mazaricos, na que o xurado fai constar o seguinte:

"Resultando quinto : que, á vista das alegacións feitas e da documentación aportada no expediente polo concello de Carnota e os veciños do lugar de Xestoso de tal término municipal, se deduce que a parte oeste do devandito monte, é dicir o terreo que se atopa cara tal límite a



partir do río Castiñeira, é posuído – aínda estando incluído segundo se desprende do informe do Servizo de Produción Forestal, no concello de Mazaricos- polos veciños do citado lugar de Xestoso da parroquia de San Mamede do termo municipal de Carnota”.

“Considerando terceiro: que conforme ao exposto nos antecedentes de feito desta resolución e polo que se refire á reclamación efectuada polos veciños do lugar de Xestoso, parroquia de San Mamede, debe quedar excluída da presente declaración a zona de monte posuída por tales veciños, sobre cúa propiedade este xurado non se pronuncia por non ser competente para ello “.

3º A vista de tal solicitude e da documentación achegada, o Xurado na súa reunión de data 14 de xuño de 2005, acordou inicia-lo oportuno expediente nomeando como instructor a D. Juan Ramón Beneyto Bellas quen aceptou expresamente o cargo.

4º Con data 20 de xullo do 2005, e de acordo co disposto no artigo 21 do Regulamento do 4 de setembro do 1992 de Montes Veciñais en Man Común, solicitouse ao Rexistro da Propiedade de Muros certificación dos asentos que poden afectar ao terreo en cuestión, contestando o 8 de setembro do 2005 que o “monte coñecido polo nome de Xestoso, no lugar de Xestoso, parroquia de San Mamede, concello de Carnota, cunha superficie de 28.60 has, non figura inscrito nos libros deste arquivo a nome de persoa coñecida algunha.

5º Por Orde do Instrutor e de acordo co artigo 23 do Regulamento citado, oficiase o 29/07/05 comunicacións ao Sr. Alcalde do Concello de Carnota; ao Diario Oficial de Galicia, ao Servizo de Montes e Industrias Forestais aos efectos de aproveitamentos do artigo 10 da Lei, e aos promotores do expediente, a través do seu representante, D. Manuel González Rodríguez

6º.- Publicándose no D.O.G. de data 29/09/05 o acordo de inicio do expediente, e aberto o prazo de un mes para realizar alegacións, con data 27 de outubro do 2005 ten entrada no Rexistro da Xunta un escrito presentado por Dª María do Carmo Agulleiro Lado na súa condición de presidenta da comunidade do monte veciñal de Xestoso de Mazaricos, no que solicita se lle permita comparecer e intervir no expediente en cuestión dado que se trata de montes colindantes pola parte oeste e por formar parte orixinariamente do mesmo consorcio do monte “Cadaval, Ruña e outros”co concello de Mazaricos (C-2124-3), logo rescindido.

7º-Na xuntanza do Xurado do 22 de decembro do 2006, e ante a substitución de D Juan Ramón Beneyto Bellas como vogal representante do Colexio Provincial de Avogados da Coruña por D. Augusto José Pérez-Cepeda, désignase a este como Instrutor do presente expediente, quen acepta o cargo.

8º.-O xefe da Area Técnica de Montes Veciñais en Man Común emite informe o 23 de xaneiro do 2007 sobre o expediente de no que fai constar, entre outros, os seguintes aspectos salientables.

- Que a superficie solicitada do monte Xestoso está integrada por tres parcelas:

Parcela I: de 2.6840 has, é parte da parcela III do Monte San Mamede co nº 383 do CUP, pertencente a súa titularidade, e segundo a resolución do seu deslindamento e as bases do consorcio co concello de Carnota, á parroquia de San Mamede, representada por este concello. Este monte foi deslindado por Orde Ministerial do 9/02/1970 e figura o monte San Mamede consorciado co concello de Carnota co nº de elenco C-2079, incluíndose totalmente esta parcela.

Parcela II: de 11, 6631 has que é parte do Monte Cadaval, Ruña e outros co nº 103-D do CUP e que, segundo a resolución do seu deslindamento e a ficha do CUP, a súa titularidade pertence á parroquia de Sta. María de Coiro, representada polo concello de



Mazaricos. Este monte foi deslindado por Orde Ministerial de 20.12.1954, figurando este monte consorciado co concello de Mazaricos co nº de elenco C-2124, no que se inclúe totalmente esta parcela.

Parcela III: de 14, 2931 has que non está inscrita no catálogo de montes de utilidade pública nin lle consta ao Servizo de Montes ningunha referencia polo que se descoñece a súa titularidade. Tampouco figura no elenco de montes conveniados ou consorciados coa Xunta de Galicia.

- b) Que segundo o informe do Distrito Ambiental V de data 2/11/2006 existe un parque eólico na parcela III rexistrado a nome dos veciños de Gosende, e que non consta que veñen realizando os membros da xunta promotora e posibles comuneiros, consuetudinariamente, en réxime de comunidade sen asignación de cotas, algún tipo de aproveitamento, forestal ou non.

9º Con data 28 de febreiro do 2007 preséntase ante o Xurado por parte de D. Leopoldo López Rego e en nome dos veciños de Xestoso de Carnota a seguinte documentación para que sexa incorporada ao expediente en defensa da súa pretensión:

- Transcrición documental realizada por técnico do Arquivo do Reino de Galicia sobre escrituras antigas de 1532 sobre o Foro do lugar de Xestoso sito na ferigresía de San Mamede de Carnota, pertencente ao Mosteiro de Santo Domingo de Bonaval. Nel se describen os lindeiros do monte afectado.
- Varias denuncias, e testemuñas de veciños sobre as mesmas, nas que se indica que a parte do monte chamado "Pedrouzo" pertence aos veciños de Xestoso de Carnota, e nas que se fai referencia a unha transacción entre estes e os veciños de Mazaricos sobre a partición do referido monte.
- Contratos de partición do anaco de monte "Pedra Louceira e Pedrouzo" entre os veciños de Xestoso-Carnota de 3 de maio de 1933 e 28 de xaneiro de 1950. Nestes documentos faise referencia a que son veciños do lugar de Xestoso da parroquia de San Mamede de Carnota os comparecentes e que veñen "posuíndo o monte proindiviso denominado "Xestoso" en virtude de foro e que acordan cesar en dita comunidade e á partición amistosa dun anaco de dito monte denominado "Pedra Louceira e Pedrouzo".

10º Con data 5 de marzo do 2007, e de acordo co disposto no artigo 84 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, estableceuse un trámite de audiencia previa á proposta de resolución a cal foi comunicada tanto aos promotores do expediente como aos concellos de Carnota e Mazaricos, á presidenta da C.V.M.V.M.C. de Xestoso de Mazaricos, e ao titular do parque eólico sito na parcela III, a empresa Eurovento, S.L., a fin de que, no prazo de 10 días hábiles, realicen cantas alegacións consideren convenientes na defensa dos dereitos que crean lles asisten, e presenten a documentación e xustificacións que estimen pertinentes, comunicándolles ademais a oportunidade da vista do expediente.

Recibíronse as seguintes alegacións:

- **Con data 14/03/2007: a empresa Eurovento SL presenta as seguintes alegacións:**
Achega documentación e planos nos que acredita que parte da superficie do monte que se pretende clasificar como veciñal neste expediente (en concreto algunhas fincas da parcela III), pertencen á Sociedade Ventos e Terras Galegas II, SL en virtude de contratos de compravenda asinados entre Eurovento S.L. e dita empresa o 28 de xaneiro do 2000; sendo a súa vez compradas as fincas por Eurovento aos seus propietarios o 3 de setembro do 1999. En tódalas escrituras notariais de compravenda das fincas- tanto dos propietarios particulares, veciños todos eles do lugar de Gosende, como na segunda compravenda de Eurovento a Terras Galegas II, SL -se indica que os propietarios alegan



os seus títulos por herdanza, compravenda ou adxudicación por acto de conciliación sobre partición de montes de 18 de maio de 1967, pero expresamente o notario fai constar que en ningún caso presentan títulos acreditativos da propiedade que alegan. Así mesmo, advirte o Notario que no presentan os interesados referencia catastral e que a finca non figura inscrita no Rexistro da Propiedade segundo manifestan estes, renunciando a parte adquirente a dita información polo seu coñecemento da situación rexistral/ xurídica do inmovible. Por último, nas inscricións rexistrais achegadas datadas en xuño do 2000-anotacións preventivas- se indica que se realiza a inscrición de acordo co disposto nos artigos 205 e 207 da Lei Hipotecaria, estando pendente de publicación do correspondente edicto.

- ***O concello de Mazaricos presenta o 19 de marzo do 2007 as seguintes alegacións:***

Oponse á solicitude de clasificación do monte Xestoso presentada polos veciños de Xestoso da parroquia de San Mamede (Carnota) en relación ás parcelas II e III polas seguintes razóns, non apoiadas con documentación algunha:

a) as parcelas II e III están emprazadas no territorio municipal de Mazaricos e non pertencen á parroquia de San Mamede de Carnota. Apoia o argumento en que así resulta dos planos de deslindamento dos montes públicos do CUP. Ademais o monte "Cadaval, Ruña e outros" (Mazaricos) comprende dentro dos seus límites á parcela II, estando a mesma consorciada co concello de Mazaricos non opoñéndose o concello de Carnota.

b) Os terreos das parcelas II e III non foron nunca posuídas polos veciños da parroquia de San Mamede de Carnota porque están fóra do seu territorio e porque a parcela III é propiedade particular de veciños de Gosende como resulta da inscrición rexistral que indica o axente forestal do Distrito V no informe do 2/11/2006.

- ***O 17 de marzo D. Domingo Caamaño Lago, en nome da comunidade veciñal de Xestoso de Mazaricos, presenta, en síntese, a seguinte alegación:***

"Que a parcela situada ao oeste do noso monte que figura cos topónimos de "Outeiro Grande de Pedrouzos" e "Ladera de Pedrouzos", non debe ser clasificada a favor do monte de Xestoso de Carnota xa que é unha parcela reclamada pola nosa comunidade, e que se atopa nos lindes do concello de Mazaricos, ..".

Neste sentido indicar que esta parcela foi solicitada para a súa clasificación como veciñal por estes veciños (expte nº 265) e o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de A Coruña na resolución clasificatoria de data 22/7/1989 excluiu expresamente esta parcela por entender que estaba probada a posesión da mesma por parte dos veciños de Xestoso da parroquia de S. Mamede de Carnota. Non consta no expediente de referencia que os veciños de Xestoso de Mazaricos recorran a resolución neste sentido nin en vía administrativa nin xudicial.

- ***Alegacións dos promotores, os veciños de Xestoso da parroquia de S. Mamede de Carnota presentadas o 23 de febreiro do 2007:***

Expoñen no escrito presentado as mesmas argumentacións xa expostas ao longo da tramitación do expediente e das que presentaron documentación que as avalan. Non obstante, e en relación ao feito de que sempre houbo aproveitamento polos veciños do lugar do monte en cuestión reiteran: que este ten a súa orixe nun foro de 1532 establecido entre o Mosteiro de Santo Domingo de Bonaval e os veciños; que en reiteradas ocasións o Estado, Concello e comunidades quixeron apropiarse desta parte do monte, polo que os veciños sufriron na súa defensa multas e sancións, chegando incluso a formalizarse divisións formais do monte como última defensa, por exemplo



nos anos 1933 e 1950, a pesar de que o monte seguía sendo veciñal e de aproveitamento colectivo. Presentan a seguinte nova documentación que avala o alegado:

- Acta notarial de manifestacións dos veciños do lugar do 16/03/2007.
- Sentencia do 15 de marzo de 1935 referente a pleitos entre veciños de ambos lugares de Xestoso que recolle unha transacción, acordo ou conciliación anterior sobre o aproveitamento do monte.

11º Na xuntanza do xurado do 9 de maio do 2007, tanto os promotores como os que se persoaron no expediente como interesados se ratificaron nas súas pretensións e alegacións. Nesta reunión os promoventes solicitaron que de se clasificar o monte sexa este denominado como monte "Pedrouzo" ou "Xestoso- Pedrouzo" xa que este é o nome máis utilizado polos veciños do lugar para chamar a este anaco do monte Xestoso. Por outra parte, así evítase confusións co monte veciñal de "Xestoso" en favor da comunidade veciñal limítrofe de Santa Mª de Coiro, do concello de Mazaricos.

12º Na tramitación destas actuacións cúmplíronse as formalidades legais e regulamentarias, esixidas principalmente pola Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común e o seu Regulamento de aplicación aprobado polo Decreto 260/92, do 4 de setembro, ambos da Comunidade Autónoma de Galicia; Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e demais disposicións aplicables ao caso.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1º O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de A Coruña ten xurisdición e competencia para coñecer deste expediente en virtude do disposto nos artigos 9 e 10 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

2º De conformidade co contido do artigo 11 da precitada Lei e artigo 19 do seu regulamento aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, os veciños da parroquia de San Mamede de Xestoso, concello de Carnota, son parte lexitima para solicitar a iniciación do presente expediente de clasificación.

3º Para a súa clasificación como veciñal en man común, o monte debe reunir as seguintes características: 1) pertenza a agrupacións de veciños na súa calidade de grupos sociais, non como entidades administrativas; 2) que se veña aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cotas polos membros de cada agrupación na súa condición de veciños comuneiros; 3) que os veciños comuneiros residan habitualmente con casa aberta dentro da área xeográfica sobre a que se asenta o grupo social que tradicionalmente aproveitou o monte (artigos 1,2 e 3 da Lei 13/89 e 1,2 e 3 do regulamento).

4º Consta no expediente documentación suficiente acreditativa da posesión inmemorial dos veciños do lugar de Xestoso, da parroquia de San Mamede, concello de Carnota da parte do monte de Xestoso solicitada para a súa clasificación, que a petición dos promotores denominaríase "Xestoso-Pedrouzo". En concreto, cabe subliñar o seguinte:

- O aproveitamento consuetudinario en réxime de comunidade a favor dos veciños de Xestoso de Carnota desde tempo inmemorial ven avalado polo Foro de 1532 do Mosteiro de Santo Domingo de Bonaval, no que se describen os lindes do monte que pertence á comunidade de San Mamede de Carnota; as escrituras de partición de 1933 e 1950 referenciadas; nas que se fai constar expresamente a condición "veciñal ou pro indiviso do monte"; o acta de manifestación neste sentido dos veciños do lugar e as continuas defensas dos veciños de Xestoso ante autoridades administrativas e xudiciais dos seus dereitos sobre o monte en cuestión, así como a existencia dunha sentenza



favorable desde hai máis de 30 anos sobre o particular, son probas da súa posesión inmemorial e condición veciñal.

- En canto á oposición do concello de Mazaricos e a comunidade veciñal de Xestoso de Mazaricos de que se clasifique a parcela II do monte, xa o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común da Coruña na súa resolución do 22/7/1989 pola que se clasificaba como veciñal o monte "Xestoso" de Santa María de Coiro do concello de Mazaricos, excluiu da mesma a parte oeste do monte por considerar probada, segundo a documentación aportada no expediente, a súa posesión por parte dos veciños do lugar de Xestoso de San Mamede (Carnota); resolución firme (non foi recorrida) e, polo tanto, consentida, tendo a consideración de cosa xulgada administrativa.
- Que en canto á posible propiedade privada dos veciños de Gosende e da Sociedade Ventos e Terras Galegas II, SL de fincas sitas na parcela III do monte a clasificar- e respecto do que de acordo coas escrituras que obran no expediente non está suficientemente acreditado o tracto sucesivo, non podendo obviar as continuas advertencias sobre o particular do Notario actuante- non é competencia deste Xurado decidir sobre a titularidade dominical das fincas afectadas, sendo os tribunais da xurisdición ordinaria os competentes na materia.

De tódolos xeitos, é de subliñar que a boa fe que esixe o artigo 34 da Lei Hipotecaria aos que desexan abeirarse na protección rexistral, consiste, no seu aspecto positivo, na crenza de que a persoa de quen recibiron a leira era dona dela e podía transmitirlle o seu dominio, como di o artigo 1950 do Cc; e, no seu sentido negativo, consiste na ignorancia e descoñecemento dos vicios invalidatorios que poideran afectar á titularidade do seu transmitente, segundo se infire dos termos nos que está redactado o parágrafo segundo do art. 34 e outros concordantes da mesma lei.

Tanto a Dirección Xeral de Rexistro e do Notariado como unha constante e inmemorial xuriprudencia do Tribunal Supremo negaron a condición de terceiro hipotecario a cantos tiveran noticia perfecta da situación xurídica extratabular do obxecto de enaxenación ou das posibles causas susceptibles de enervar o dereito do transmitente (SS TS de 1/7/1958 e 11/5/1962), o que representa a advertencia cautelar do Notario en tódalas escrituras, dándolles á falta de título dos transmitentes á sociedade, transcendencia de seu.

É imprescindible, pois, que o requisito de boa fe e as demais circunstancias que o rodean, subsistan, precisamente, no intre no que se consume o acto traslativo do dominio, e non noutro posterior, aínda que coincidira coa inscrición no Rexistro.

5º Das actuacións obrantes no expediente e, en especial da documentación anteriormente sinalada, dedúcese que o Monte "Xestoso" da parroquia de San Mamede do concello de Carnota cos lindeiros e superficie indicada no informe do Xefe de Área Técnica de Montes Veciñais en Man Común do 23 de xaneiro do 2007 cumpre coas esixencias legais establecidas para ser clasificado como monte veciñal en man común ao terse acreditado a súa titularidade veciñal e o seu aproveitamento consuetudinario en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos veciños do lugar. En canto ao cambio de denominación solicitado, visto que segundo a documentación presentada e o alegado polos promotores é o nome con que máis frecuentemente se designa a este anaco do monte Xestoso, crese oportuno a súa modificación.

En consecuencia, este Xurado, á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito expostos, de acordo coa Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común e o seu regulamento aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios, de xenérica e específica aplicación, a proposta do Instrutor e por unanimidade dos asistentes,



ACORDA clasificar como monte veciñal en man común o denominado monte "Xestoso-Pedrouzo", da parroquia de San Mamede do concello de Carnota a favor da comunidade de Xestoso de Carnota cos lindeiros, superficie e características seguintes:

Monte: "Xestoso-Pedrouzo"

Comunidade: Xestoso

Parroquia : San Mamede

Concello: Carnota

Superficie: 28,63 has

Parcela I: 2,68 has

Parcela II: 11,66 has

Parcela III: 14,29 has

Lindeiros:

Os vértices das poligonais que definen o monte e mailas súas coordenadas e o plano do levantamento topográfico constan no expediente, en particular no informe do xefe de Area Técnica de Montes Veciñais en Man Común de data 23 de xaneiro do 2007.

Así mesmo, acórdase excluír o declarado do inventario de bens do concello e do Catálogo de Montes de Utilidade Pública, se neles estivera inscrito, incluíndoo no rexistro de Montes Veciñais en Man Común que figura na Delegación Provincial da Consellería do Medio Rural de A Coruña.

Notifíquese a presente resolución aos interesados.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa ,poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo ante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común da Coruña no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa..


A Coruña 24 de maio de 2007

Vº e Prace A Presidenta do Xurado

Olga Mª García Agra

A Secretaria do Xurado

J. Amalia Lorenzo Penela



Cuadro de Superficies en ha.			
Parcela	Total	Enclavados	MVMC
A	2,6840	0,00	2,6840
B*	25,9562	0,00	25,9562
Cabida Total MVMC	28,6402	0,00	28,6402

* A parcela B inclúe 11,6631 has pertencentes ó Concello de Mazaricos

Escala 1:5.000

Monte Veciñal Xestoso
(Expte. 394)

Parroquia de San Mamede
Concello de Carnota

O xefe de área de
Montes Veciñais en Man Común